

ANUNCIO

TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021 PARA 2 PRAZAS DE ANIMADOR-A DEPORTIVO-A (C23) PUNTUACIÓN DEFINITIVA FASE DE CONCURSO

Reunido o Tribunal cualificativo do proceso de estabilización Lei 20/2021 para dúas prazas de animador/a deportivo/a (Ref. C23), na súa sesión celebrada o 29/11/2024 ás 12:30 h na Casa do Concello, acorda o seguinte:

ACTA SESIÓN NÚMERO 2 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021 PARA 2 PRAZAS DE ANIMADOR-A DEPORTIVO-A (C23)

Na Casa do Concello de Rianxo, sendo as 12:30 horas do día 29 de novembro de 2024, reúnese o Tribunal cualificador que avaliará o proceso de estabilización da Lei 20/2021 de dúas prazas de animador/a deportivo/a (Ref. C23).

Preside a sesión Patricia Sánchez Castelo, Secretaria do Concello de Rianxo, e asisten como vocais os seguintes:

- 2º vogal: David Cobas Medín, funcionario municipal de Educación
- 3º vogal: Mª Uxía Cespón Ordóñez, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo
- Secretaria: Vanessa Reboredo Fraga, funcionaria municipal do Concello de Rianxo
- Non asiste: 1º vogal: José Martínez Redondo, funcionario do Concello de Lousame

A presidenta declara constituído o tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

1. O Concello de Rianxo publicou no BOP núm. 246, do 29/12/2022, a aprobación das bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021, aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 1.029/2022, do 28/12/2022, que incluía dúas prazas de animador/a deportivo/a (Ref. C23).
2. O Concello de Rianxo publicou no BOE núm.313, do 30/12/2022, a convocatoria para prover ditas prazas.
3. O prazo para a presentación das instancias para participar no dito proceso foi de 20 días naturais, segundo o establecido no punto 3 da base sexta das bases; así, o día 19/01/2023 rematou o prazo de presentación de instancias.
4. O día 02/05/2023 publicouse no BOP núm. 82 a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas para tomar parte no proceso selectivo na que se establecía un prazo de 10 días hábiles (R.A. número 370/2023 do 20/04/2023) para a súa emenda.
5. O día 13/06/2023 publicouse no BOP núm. 111 a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

(R.A. número 557/2023 do 06/06/2023).

6. O 29/10/2024, mediante a Resolución da Alcaldía núm. 987/2024, o alcalde nomeou ao tribunal cualificador que se vai encargarse do proceso de selección do persoal no proceso de estabilización da Lei 20/2021 para dúas prazas de animador/a deportivo/a (Ref. C23). (BOP núm. 215 do 7/11/2024), e fixébase a sesión constitutiva para o 18/11/2024,

7. O 7/11/2024, mediante Resolución de Alcaldía número 1031/2024, procédese á modificación do tribunal cualificador, (BOP núm. 219 do 13/11/2024),

8. Os membros do tribunal proceden a valorar os méritos presentados polos aspirantes e debidamente acreditados, ao abeiro do disposto no punto 9.6 das Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022, tanto no relativo á experiencia profesional, como á formación específica.

De conformidade co establecido no Anexo I das Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022, para a acreditación dos servizos prestados en Administracións diferentes ao Concello de Rianxo debería terse achegado de forma obrigatoria a seguinte documentación:

- Certificación emitida polo funcionario ou órgano competente correspondente.
- No caso de servizos prestados en réxime laboral, contrato de traballo xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano/autoridade competente da seguridade social.
- No caso de servizos prestados como persoal funcionario, resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano/autoridade competente da seguridade social.

Polo que non se consideran acreditados aqueles méritos alegados polos aspirantes en Administracións diferentes ao Concello de Rianxo, que non se axustaran ao anteriormente exposto.

9. O 18/11/2024 os membros do tribunal reúnen para proceder a valorar os méritos presentados polos aspirantes e debidamente acreditados, de conformidade co disposto no punto 9.6, Méritos a valorar, tanto no relativo á experiencia profesional, como á formación específica, resultando a valoración que se establece a continuación, e cuxo anuncio foi publicado na sede electrónica do Concello de Rianxo, en data 20/11/2024,

	Experiencia profesional	Experiencia específica (Máximo 10 puntos)	Puntuación total

Apelidos e nome	Mérito 1.a	Mérito 1.b	Mérito 1.c	Mérito 1.d	Total experiencia profesional	Total puntos experiencia específica	
Castelo Collazo, José Miguel ***7715**	176,25	0,00	0,00	0,00	90,00	10,00	100,00
Rial Lago, Bernardo ***7018**	134,25	0,00	0,00	0,00	90,00	10,00	100,00
Peral López, Daniel ***1274**	0,00	0,00	0,00	0,25	0,25	10,00	10,25
Rodríguez Munín, Daniel ***6215**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00
Castaña Frieiro, Mauro ***8713**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00

10. No anuncio de data 20/11/2024 convocábase a Peral López, Daniel, para o día 29 de novembro de 2024, ás 12:30 h, no Salón de Pleno da Casa do Concello, para realizar a proba do galego, ao non acreditar estar en posesión do nivel coñecemento da lingua galega (CELGA, ou equivalente), requirido nas bases específicas reguladoras, así, procédese ao chamamento da aspirante á proba do galego:

- Peral López, Daniel: AUSENTE

O Tribunal, tendo en conta o establecido no punto 10º das bases xerais reguladoras dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal do Concello de Rianxo, acorda eliminar do proceso selectivo a Peral López, Daniel, por non presentarse á proba de galego anteriormente indicada

11. Consta no expediente informe da funcionaria da corporación, Vicenta Avelina Campaña Martínez, onde se recolle que no prazo habilitado ao efecto non se presentou alegación algunha contra o baremo provisional de méritos.

Á vista de todo o exposto, o tribunal **ACORDA:**

Primeiro.- Declarar a Peral López, Daniel NON APTO na proba de galego, quedando eliminado do proceso selectivo de conformidade co disposto no establecido no punto 10º das bases xerais reguladoras dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal do Concello de Rianxo.

Apelidos e nome	Total experiencia profesional	Total puntos experiencia específica	COÑECEMENTO GALEGO	PUNTUACIÓN TOTAL

Castelo Collazo, José Miguel ***7715**	90,00	10,00	CERTIFICADO	100,00
Rial Lago, Bernardo ***7018**	90,00	10,00	CERTIFICADO	100,00
Peral López, Daniel ***1274**	0,25	10,00	NON APTO	10,25
Rodríguez Munín, Daniel ***6215**	0,00	10,00	CERTIFICADO	10,00
Castaña Frieiro, Mauro ***8713**	0,00	10,00	CERTIFICADO	10,00

Segunda.- Elevar a definitiva a valoración que se establece a continuación:

Apelidos e nome	Experiencia profesional					Experiencia específica (Máximo 10 puntos)	Puntuación total
	Mérito 1.a	Mérito 1.b	Mérito 1.c	Mérito 1.d	Total experiencia profesional	Total puntos experiencia específica	
Castelo Collazo, José Miguel ***7715**	176,25	0,00	0,00	0,00	90,00	10,00	100,00
Rial Lago, Bernardo ***7018**	134,25	0,00	0,00	0,00	90,00	10,00	100,00
Rodríguez Munín, Daniel ***6215**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00
Castaña Frieiro, Mauro ***8713**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00

Terceiro.- Declarar que ten superado o proceso selectivo os aspirantes que a continuación se relacionan, e propoñer á Alcaldía para que sexan seleccionados para a cobertura en propiedade de dúas prazas de animador/a deportivo/a (Ref. C23), e adquieran a condición de persoal laboral fixo ao servizo do Concello, por ter acadado a maior puntuación:

Apelidos e nome	PUNTUACIÓN TOTAL
Castelo Collazo, José Miguel ***7715**	100,00

Rial Lago, Bernardo ***7018**	100,00
-------------------------------	--------

Tal e como establecen as Bases na Base Décimo Segunda, os/as candidatos/as finalistas propostos polos tribunais para ocupar as prazas convocadas deberá/n achegar, **no prazo de vinte días hábiles**, contados a partir do seguinte da publicación da proposta do tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir as prazas convocadas, que son os que figuran no Anexo I das Bases Específicas que rexen cada un dos procesos. A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente á renuncia e desistencia dos dereitos inherentes.

Cuarta.- Establecer a relación/listaxe complementaria integrada polos seguintes aspirantes non propostos para a cobertura da praza en propiedade, e polo orde descendente da puntuación final acadada no proceso:

Apelidos e nome	PUNTUACIÓN TOTAL
Rodríguez Munín, Daniel ***6215**	10,00
Castaño Frieiro, Mauro ***8713**	10,00

De conformidade co establecido no apartado 12.1.2 das Bases xerais reguladoras dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal do Concello de Rianxo, publícase o presente anuncio co resultado definitivo de 2 prazas de animador/a deportivo/a (Ref. C23), aos efectos oportunos.

Rianxo, na data de sinatura dixital

A secretaria do Tribunal, Vanessa Reboredo Fraga